

Regulamento do Traballo Fin de Grao en Dereito

(Modificado pola Comisión de Docencia os días 3 de maio do 2013, 13 de setembro de 2019, 28 de setembro de 2020, 28 de setembro de 2021 e 14 de xullo de 2022)

Exposición de motivos

O Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais¹, establece no artigo 12.3, situado no capítulo 3, que se dedica ás ensinanzas oficiais de grao, que *«estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao»*.

No artigo 12.7 engádesse que *«o traballo de fin de grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título»*, sen se recoller ningunha outra disposición sobre o proceso de elaboración e avaliación que, en consecuencia e no exercicio da súa autonomía, deberá ser regulado por cada universidade.

Para estes efectos, as Directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao na UDC² especifican o seguinte sobre a fase final dos estudos na liña 9 do artigo 3.2, que trata a organización das ensinanzas de grao:

«Traballo de fin de grao: os plans de estudos de grao deberán incluír entre 6 e 30 créditos destinados a realizar un traballo de fin de grao na fase final do plan de estudos, unha vez superados, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade. En cada plan de estudos, coa supervisión académica do centro correspondente, establecerase a forma de realización, a tutorización e os procedementos de avaliación do dito traballo, que deberá orientarse á avaliación das competencias asociadas ao título.»

A memoria verificada do grao en Dereito pola Universidade da Coruña sinala no seu apartado 5.1. relativo á planificación das ensinanzas: *“En el trabajo el alumno deberá elaborar un informe o resolver un caso práctico de forma individualizada, procediendo a su defensa ante un tribunal, en el que se valorará su nivel de expresión oral y escrita, así como su contenido. El alumno seleccionará el tema del trabajo, que será interdisciplinar, entre la oferta realizada cada año por el Centro”*.

O Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario³, establece no artigo 27: *«Os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e mestrado, así como as teses de doutoramento, rexeranse pola súa normativa específica»*. Así mesmo, nos epígrafes g) e h) do artigo 8 sinálanse os dereitos específicos dos estudantes de grao en relación co traballo de fin de grao; e no artigo 30 o dereito á revisión das cualificacións.

Neste contexto, e coa finalidade de unificar os criterios e procedementos para garantir unha actuación homoxénea á hora de planificar e avaliar os traballos de fin de grao (*en diante TFG*) deste centro, resulta conveniente establecer as seguintes normas de carácter xeral. Isto, sen prexuízo das posibles particularidades de cada título do centro, que necesariamente deberán ser atendidas e convenientemente reguladas e publicadas como anexos a este regulamento.

1. Obxecto e ámbito de aplicación

1.1. Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, defensa,

¹ Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE n.º 260, de 30 de outubro de 2007). Modificado polo Real decreto 861/2010, de 2 de xullo (BOE n.º 161, de 3 de xullo de 2010).

² Directrices para a elaboración de títulos de grao na UDC, aprobadas polo Consello de Goberno na súa sesión de 3 de abril de 2008.

³ Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE n.º 318, de 31 de decembro de 2010).

cualificación e tramitación administrativa do traballo de fin de grao marcado no plan de estudos do *Grao en Dereito*, que se imparte neste centro, de acordo coas *Directrices para a elaboración de regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC*, aprobadas polo Consello de Goberno o 22 de xullo de 2011. Será publicado na *web* do centro.

1.2. O contido deste regulamento complétase co resto de regulamentacións e procedementos da UDC que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de estudantes.

1.3. A proposta do Decanato, a Comisión de Docencia do centro xestionará todo o proceso relativo aos TFG e asegurará a aplicación deste regulamento.

1.4. No caso do Programa de Simultaneidade de Estudos entre o *Grao en Dereito* e o *Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE)*, o TFG réxese polos acordos da normativa específica que o regula e de forma subsidiaria, no que proceder, por este regulamento.

2. Natureza e características do TFG

2.1. O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun informe xurídico concreto ou da resolución dun caso práctico baixo a supervisión dun ou máis directores.

Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.

2.2. O TFG deberá estar orientado a se aplicaren as competencias xerais asociadas ao título de graduado en Dereito. En concreto, a capacitar para a busca, xestión, organización e interpretación de datos relevantes co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión xurídica sobre temas relevantes da titulación de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

2.3. A UDC establece que o TFG pode ser realizado na fase final do plan de estudos da titulación, unha vez se tiver constancia fidedigna de que a/o alumna/o non ten pendentes máis de 78 créditos para completar os seus estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e sempre que se matricule tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do grao, sen prexuízo do establecido na correspondente memoria do título verificado. En todo caso, para a súa defensa e cualificación é necesario que a/o alumna/o teña superado o resto de créditos que dan acceso ó título de grao.

Neste centro as condicións académicas para que o TFG poida ser defendido e avaliado figuran no Anexo I deste regulamento.

2.4. O TFG non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen o realizar segundo queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario salvo que se establecer doutra maneira no documento de asignación do TFG que cada estudante debe asinar, nos termos e coas condicións previstas na lexislación vixente.

2.5. O tema de que for obxecto o TFG, tanto no seu nivel, como na súa extensión, e os seus obxectivos, deberá posibilitar que a/o alumna/o o realice no número de horas equivalentes aos créditos ETCS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece. No caso do TFG en Dereito o número de créditos ECTS é de 6.

O centro velará mediante os mecanismos de coordinación existentes no grao e a Comisión sinalada no artigo 1.3 por que isto se cumpra e, en consecuencia, poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e gradación a que fai referencia a memoria do grao.

3. Dirección académica do TFG

3.1. O TFG será dirixido e titorizado por un membro do profesorado dos Departamentos con docencia no plan de estudos do título de *Grao en Dereito*. Os Departamentos proporán á Comisión de Docencia o nome das/os profesoras/es que realicen as labores de dirección e tutoría en cada curso académico.

Tal profesor/a será responsable de:

- a) expoñerlle á/ao estudante cuxa tutoría exerza as características do TFG, e orientala/o no seu desenvolvemento;
- b) realizar un seguimento da elaboración do TFG e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados;
- c) autorizar o depósito e a defensa do TFG.

3.2. O TFG poderá ser dirixido por máis dun/dunha profesor/a sempre que a liña do traballo o xustifique e as/os profesoras/es pertenczan a diferentes áreas de coñecemento. O profesorado deberá pertencer á UDC, permitíndose a co-dirección con persoal alleo a esta Universidade.

4. Oferta de temas dos TFG e asignación de directoras/es – titoras/es

4.1. Os supostos de feito serán redactados polos membros dos tribunais e publicados en Moodle cunha antelación mínima de 16 semanas antes da data de depósito. Cada tribunal deberá redixir, cando menos, dous supostos por convocatoria. Cada suposto de feito deberá recoller 5 preguntas que deberán ser abordadas polo alumnado seguindo o esquema dun informe xurídico, segundo se recolle nos apartados 1 e 2 do artigo 2. Os supostos serán claros, coherentes e transversais, abrangendo varias ramas do ordenamento xurídico e/ou da teoría do Dereito.

4.2. Correspóndelle tamén aos Departamentos da Facultade de Dereito a formulación da proposta das/os profesoras/es directoras/es – titoras/es. A proposta será remitida á dirección do centro e aprobada e publicada pola Comisión de Docencia. A publicación farase no taboleiro de anuncios da Secretaría do centro, no Moodle e na páxina web do centro.

4.3. Así mesmo, os Departamentos da Facultade de Dereito proporán ás/aos profesoras/es titulares e suplentes para formar parte do Tribunal que avaliará, en cada convocatoria, o TFG. A Comisión de Docencia da Facultade de Dereito aprobará e fará pública a composición do Tribunal do TFG que actuará en cada convocatoria (mediante a súa publicación en Moodle e no taboleiro da Facultade). A devandita composición dos tribunais debe ser publicada cunha antelación mínima de 18 semanas á data de depósito dos traballos.

4.4. Unha vez finalizados os pasos anteriores, a Comisión de Docencia fará a asignación de profesoras/es titoras/es ás/aos estudantes matriculadas/os na materia do TFG, seguindo a orde alfabética de asignación tanto en relación cas/os titoras/es como coas/cos alumnas/os matriculadas/os.

4.5. A listaxe contendo a asignación de profesoras/es titoras/es farase pública tanto no taboleiro de anuncios da Secretaría do centro, no Moodle e na páxina web do centro. Calquera modificación posterior desta listaxe terá que efectuarse de común acordo entre a/o alumna/o e o/a profesor/a afectado/a, e en calquera caso requirirá a aprobación pola Comisión de Docencia, que, de ser o caso, o autorizará e publicará.

4.6. O TFG do grao en Dereito está asignado no plan de estudos ao segundo cuatrimestre do cuarto curso.

4.7. Nos casos en que se presenten supostos ao abeiro de proxectos de aprendizaxe-servizo, cada alumna/o deberá poñerse en contacto co profesorado responsábel do programa e tomar

contacto coa organización na que vaia prestar o seu servizo. Froito desta toma de contacto, deberase presentar, para a súa aprobación pola comisión de docencia, unha proposta de caso, con descrición da situación concreta que se vaia abordar e con indicación dos problemas de índole xurídica sobre os cales versará o informe. O contacto co profesorado responsábel do programa deberá ter lugar, como mínimo con 16 semanas de antelación á data de depósito. A proposta de caso deberá ser presentada á comisión de docencia con 12 semanas de antelación á data de depósito. Unha vez aprobada unha proposta de caso pola comisión de docencia, esta só poderá ser resolta pola/o alumna/o que a propuxera. Nestes casos, o/a profesor/a tutor/a será algún membro do correspondente programa de aprendizaxe-servizo.

5. Tribunal de avaliación

5.1. O tribunal de avaliación do TFG estará constituído da forma que se establece neste artigo e será nomeado pola Comisión de Docencia, previa proposta dos Departamentos de Dereito con sede no centro. Cada un dos departamentos propondrá tres membros titulares e os seus respectivos suplentes, no xeito que se indica no artigo 4.3 deste Regulamento.

5.2. En cada convocatoria estableceranse dous tribunais de avaliación, formados cada un por tres profesoras/es e as/os correspondentes suplentes, de forma que cando menos haxa un/ha profesor/a de cada Departamento no tribunal avaliador. Todos eles deberán ser membros do profesorado que imparte o título de *Grao en Dereito* e ter a competencia lingüística precisa para a valoración dos TFG. No caso de que cos membros titulares e suplentes designados inicialmente non se poida dar cumprimento a este último requisito, solicitarase aos Departamentos que propoñan novos membros nun número suficiente para cumprir a esixencia da competencia lingüística.

O profesorado director-titor dos TFG non poderá formar parte do tribunal onde estes se xulgar. Aliás, poderase compatibilizar as funcións de tutoría e dirección coa de membro dos tribunais avaliadores, sempre e cando chegado o caso se respecte, por vía de inhibición, o disposto neste parágrafo.

5.3. O tribunal de avaliación contará cun/cunha profesor/a que o presida e outra/o que exerza como secretaria/o. Salvo que a Xunta de Facultade teña establecidos outros supostos, utilizaranse como criterios a categoría docente e a antigüidade para nomear a/o presidenta/e e a/o secretaria/o, que exercerán como tales en todas as actuacións do tribunal.

5.4. Unha vez constituído o tribunal de avaliación, este, de acordo co centro, establecerá a orde de exposición dos estudantes no caso de seren varios, así como o día, a hora e o lugar de realización das defensas dos TFG.

O/a profesor/a que presida o tribunal de avaliación realizará a adecuada comunicación destes datos a todo o estudiantado e o profesorado afectados.

6. Solicitude de defensa, depósito e defensa dos TFG

6.1. Na oportunidade pertinente a/o estudante presentará unha solicitude de defensa e avaliación do TFG no prazo que se fará público para estes efectos. Coa solicitude entregaranse á Administración do centro unha versión do traballo realizado (a entrega poderá ser en soporte físico ou en versión dixital segundo o que se determine pola Comisión de Docencia cada curso académico).

Rematado o prazo de solicitudes, a Administración do centro entregará a documentación que proceda á/ao secretaria/a do tribunal de avaliación.

As instrucións relativas ao depósito do TFG e solicitude de defensa TFG figuran como Anexo II deste regulamento.

6.2. O alumnado defenderá os seus TFG pública e presencialmente. No caso de que a/o alumna/o solicite de forma motivada e acreditada defender o TFG de forma non presencial, cumprirá que o faga con 15 días naturais de antelación á data de depósito perante a Comisión de Plans de Estudo, delegada do Consello de Goberno, para que a autorice ou non. Isto sempre de se daren as condicións legais, técnicas, administrativas e económicas que o permitiren.

6.3. A realización, presentación e defensa dos TFG poderán efectuarse en calquera dos idiomas empregados na impartición do grao, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.

6.4. Cada estudante disporá dun tempo máximo, do que será informado polo tribunal, para a defensa do TFG, en que deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo. Con posterioridade terá que atender as preguntas, as aclaracións, os comentarios e as suxestións que puideren formularlle os membros do tribunal de avaliación.

7. Avaliación e cualificación

7.1. Unha vez realizada a exposición da/o estudante, o tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde. Aplicaranse os criterios de avaliación da guía docente e o disposto na memoria de verificación do título. Os criterios faranse públicos antes das defensas dos TFG e serán únicos para ambos tribunais. As cualificacións deben incorporarse en rúbricas aprobadas ao efecto polos tribunais. Para a cualificación final establecerase a media aritmética das cualificacións asignadas ao TFG por cada un dos membros do tribunal.

7.2. A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/2003⁴, de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

- a) 0-4,9 suspenso
- b) 5,0-6,9 aprobado
- c) 7,0-8,9 notable
- d) 9,0-10 sobresaliente

7.3. Poderá acceder á mención de matrícula de honra o alumnado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador.

7.4. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFG levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.

8. Matrícula, calendario académico e actas

8.1. A matrícula dos TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola UDC, ou no período de ampliación da matrícula se o/a alumno/a reúne os requisitos para poder realizar esta modalidade de matrícula, mediante o aboamento dos prezos públicos que corresponderen de acordo co número de créditos asignados ao TFG.

8.2. O centro, atendendo a criterios de programación docente, establecerá a realización das defensas dos TFG dentro dos prazos marcados no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

8.3. O peche e entrega das actas de avaliación dos TFG aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno da UDC.

⁴ Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE n.º 224, de 18 de setembro de 2003).

9. Consulta e publicación dos TFG

9.1. A Comisión encargada dos TFG seleccionará os traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC). Para isto, a Administración do centro porá ao dispor do Servizo de Biblioteca unha copia en formato electrónico de cada uns dos traballos seleccionados.

9.2. En caso de que o(s)/a(s) autor(es)/a(as) do TFG non autorice(n) o depósito e a publicación deste no RUC, por razóns de confidencialidade entre outras, deberá(n) solicitalo previamente ante a Comisión de Docencia, que resolverá en cada caso.

Disposición derradeira

Este Regulamento entrará en vigor para os TFG que se presenten e defendan a partir da 1ª oportunidade do 1º cuadrimestre do curso académico 2022/2023.

ANEXOS

ANEXO I: Condicións académicas para a matrícula no TFG e para a súa defensa.

1. Para formalizar a matrícula do TFG, a/o alumna/o poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do grao.

3. Para a súa defensa deberá ter superados todos os créditos do plano de estudos con excepción dos correspondentes ao TFG.

ANEXO II: Depósito do TFG e solicitude de defensa

1. O TFG deberá presentarse para o seu depósito e solicitarse a súa defensa nos prazos legais que se sinalen en cada convocatoria.

No caso de esixirse para o depósito a entrega de copia do TFG en formato papel, esta deberá estar encadernada, numeradas as súas follas e figurando na súa primeira páxina o nome completo do/a estudante, do/a profesor/a titor/a e o título do tema escollido, se for o caso, constando con claridade que se trata do TFG.

No caso de esixirse a entrega en formato dixital enviarase unha copia en PDF ao correo electrónico que oportunamente se indicará en cada convocatoria.

2. Polo que se refire aos criterios de redacción, farase en papel DIN A-4, letra Times New Roman, 12, en texto, e 10 en notas ao pé da páxina, con espazado interlineal sinxelo. Non se fixa unha extensión mínima, pero si unha máxima de 50 folios (sen que computen os Anexos).